

BOH

Era dun andar lento,
pensativos pés escrutadores
dun home sorprendido de estar vivo.
A derradeira obra foi a máquina asombrosa,
un carro do país
estraño ao nosos ollos como unha aeronave
medieval
que el construíu nun furancho urbano.
Era oi tempo de ir á lúa
de pisala, ferrala,
mais el mediu o transporte
para traela ao val
polas rutas do esterco e mais das algas.
Dicía: Boh!
Dicía: Boh, boh, boh, boh!

Tamén facía esquinas,
xusto o ángulo que necesita un home
para que non lle dispare a Historia polas costas.
Abriu co gume do seu corpo
un recanto na taberna.
Respectábase o lugar porque o fixera el,
cara a dentro,
tallando a sombra
cun machado de silencio.
Fixera a luz da lámpada
cos filamentos do seu cabelo crecho,
un branco de cinc incendiado de paz
atormentada.
Dicía: Boh!
Dicía: Boh, boh, boh, boh!

Facía coas mans cada cigarro
e o fume leal,
pesarosos,
era o cordal
que sostiña un descoñecido país
enriba das nubes.
Un infindo centeal
enxertado
nos últimos paxaros.
Dicía: Boh!
Dicía: Boh, boh, boh, boh!

Dentro da noite,
unha noite ao pasar,
a voz sacerdotal:
“Fai lle falta un responso, Manuel!”.
E el subiu ao alto
de si mesmo,
a derradeira voz
na derradeira estada: Boh!

Amei aquela música,
o gorgolexar da soidade,
os dedos sinceros a apañar
os dentes do leite que morderon o xeo,
os ósos miúdos do son tumefacto,
os borboriños que abrollaban do chan,
o scat dun jazzman,
dicía: Boh,
Dicía: Boh, boh, boh, boh!

Nunca nada pediu o carpinteiro.
Todo o fixo el
coas mans.
Mesmo a sombra para andar
o día de marchar.
Dicía: Boh!
Dicía: Boh, boh, boh, boh!

